

CONCELLERÍA DE CULTURA. CONCELLO DE CULLEREDO
ENCONTROS CULTURAIS DA PRIMAVERA.LETRAS GALEGAS 2009.
PROGRAMACIÓN TEATRAL. CICLO "ADOLFO MARSILLACH"

O vindeiro venres día 24 de abril ás 20:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples do Burgo, terá lugar a primeira das funcións teatrais que forman parte do programa dos Encontros Culturais de Primavera .Letras Galegas 2009 que organiza a Concellería de Cultura e que comezará coa representación da obra "DAME VELENO.Eu tamén soñar" a cargo de Sarabela Teatro.

Despois do éxito do programa denominado "Primavera Máxica" na que participaron catro dos mellores magos galegos tócalle o turno ao teatro un total de sete representacións das mellores compañías teatrais galegas como son Sarabela Teatro, Redrum Teatro, Lagarta, Lagarta ,Teatro Lope de Vigo , Sal Monela Teatro, Ancora Producións ou a Escola Municipal de Teatro de Culleredo ou entre outras, que pasaran por Culleredo dende o vindeiro venres ata finais do mes de xuño. Destacar a estrea absoluta da obra "Logomonos", a cargo de Áncora Producións o vindeiro 19 de xuño, compañía que nos últimos anos está a acadar numerosos éxitos na escena teatral.

Son xa máis de 20 anos de programación teatral estable no Concello de Culleredo. Ao longo deste tempo foron numerosos os esforzos dedicados a poder conseguir consolidar unha oferta teatral regular. Pero a constancia e a perseveranza dan os seus froitos e hoxe Culleredo é un referente neste ámbito artístico: son máis de vinte as representacións teatrais que, entre as tempadas de primavera e outono, se ofrecen ao cada día máis numeroso público.

O vindeiro venres día 24 de abril, e como peche da Semana do libro de Culleredo, contaremos coa representación da obra "Dame Veleno. Eu tamén soñar" da autoria de Ánxeles Cuña Bóveda a cargo de Sarabela Teatro.

O elenco está formado por actores e actrices de recoñecido prestixio no mundo do teatro, cine e televisión en Galicia como son Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo, Xosé A. Porto "Josito", Tito R. Asorey, Fina Calleja, Nate Borrajo, David Varela dirixidos por Ánxeles Cuña Boveda.

"Dame veleno" conta a historia de un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia , tentan comunicarse con ela dende o alén. Un dos seus netos vive coa indefinible sensación do desaxuste co mundo, mentres as súas tías teñen a tola esperanza de poder axudar coas súas accións a facer máis levadeira a existencia dos infelices. Unha parella de actores disposta a non deixarse arrebatada a súa paixón.

Outro neto perdido e recobrado; unha acompañante misteriosa, e un avogado a piques de perder o tren, tecerán un novelo fantástico. Obra para disfrutar das sorprendentes sensacións que nos invaden cando non sabemos que nos espera detrás dunha porta ou cando tentamos atrapar a verdadeira natureza dun grupo de seres humanos no trebón da vida ao límite.

Moitos traballos percorren estes anos de actividade incesante de Sarabela Teatro: *Cristovo e o libro das marabillas*, escrita e dirixida por Fina Calleja (2007). *Macbeth*, de William Shakespeare (2006), dirixida por Helena Pimenta. *O heroe*, de Manuel Rivas (2005), por Ánxeles Cuña. *A gata con botas*, de Charles Perrault - Ánxeles Cuña (2004). *Caricias*, de Sergi Belbel (2004). *Así que pasen cinco anos*, de Lorca (2003). *A conxura dos necios*, de John Kennedy Toole (2002). *Sexismunda*, de Calderón de la Barca (2001). *A illa amarela*, de Paloma Pedrero (2001). *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas (2000). *Os soños de Caín*, de Á. Cuña, B. Muñoz, C. Couceiro e F. Dacosta (1999). *Romance de Micomicón e Adhelala*, de E. Blanco Amor, (1999). *Tics*, de Ánxeles Cuña, B. Muñoz, C. Couceiro e F. Dacosta (1998). *Afección*, de Á. Cuña, B. Muñoz, C. Couceiro, F. Dacosta (1997). *A Esmorga*, de E. Blanco Amor (1996). *Cama (2x2 para 2)*, de Sergi Belbel (1994). *Xacobe e o seu amo*, de Milan Kundera (1993). *As sillas*, de E. Ionesco (1992). *Madame de Sade*, de U. Mishima (1990). *Super-tot*, de Benet i Jornet (1989). *Xacobe ou a sumisión*, de E. Ionesco (1988). *O sangue do tempo*, de Ángel García Pintado (1987). *A contrasicoanálise ou malia todo quérote papá*, de Helena Castro (1986). *Triciclo*, de Fernando Arrabal (1985). *Hoxe de hoxe de mil novecentos hoxe*, de Antonio Robles (1984). *A Tuta e a Ramona*, de Villalonga (1983). *Os faladores*, de Cervantes (1983). *Barriga Verde*, de Manuel María (1982). *Poema nuclear*, de Celso Emilio Ferreiro (1982). *O relevo*, de Gabriel Celaya, (1981). *Noite de hóspedes*, de Peter Weiss (1981). *Fando e Lis*, de Fernando Arrabal (1980). *Xaulas, creación colectiva* (1979). *Mimo, creación colectiva* (1979). Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda.

«Para nós, facer teatro é, por unha banda, unha necesidade vital, e, por outra, a paixón inevitable dun grupo de exploradores, aquelas e aqueles que decidimos vivir coa “alta vixilia do poeta”. Non pretendemos aquí facer o cómputo de tantas pegadas como nos deixan estes anos de actividade incesante (agrupación teatral independente en 1980 e compañía profesional dende 1990), xa que polo visto temos ás pero tamén temos pés, é dicir, soñamos e espertamos. Case sempre traballamos con emocións de alta intensidade, pouco doadas de trasladar da táboa ao papel ou ao formato electrónico. Enchemos as nosas vidas de contido e incerteza, porque no grupo hai unha resonancia particular. O tecido interno dános calor e empúrranos a seguir vivindo. Mentres que Sarabela teña algo que desentrañar, seguirá viva. Parece ser que tan só as emocións fundamentais sobreviven no tempo. Ata aquí chegamos e pode que saibamos por onde queremos ir.

Os nosos obxectivos: facer un teatro bo, un teatro vivo, arriscado, contemporáneo, coherente; con rigor, autocrítica, responsabilidade, resistencia... Corrixir constantemente, mellorar para anovarnos. O miolo da cuestión é que as palabras hai que velas e oílas» (Ánxeles Cuña Bóveda).

Está recomendada para público adulto e os prezos das entradas son de 3,50 € para público en xeral e 1,75 € para estudantes e maiores de 65 anos.

Culleredo, 20 de abril de 2009

O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez

